

XLI CARREIRA NOCTURNA DE SAN XOÁN

REGULAMENTO

1. Co patrocinio e colaboración da Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra, a Agrupación Viguesa de Atletismo organiza a **XLI Carrera Nocturna de San Xoán**, a celebrar o 23 de xuño de 2025 en Vigo.

Esta carreira está incluída no Circuito de Carreiras RUNRUN VIGO do Concello de Vigo.

2. A carreira dispútase nun circuito urbán de aproximadamente 7,7 km con saída ás 21:00 dende a Praza do Rei, e co seguinte percorrido: Camelias, Romil, Pi i Margall, López Mora, Bar Boo, Avda de A Coruña, Tomás A. Alonso, Paulino Freire, Beiramar, finalizando diante dos soportais da praza do Berbés.

3. Poderán participar cantas persoas maiores de 14 anos o desexen estén ou non federadas. As inscricións formalizaranse no sitio web de RUN RUNVIGO (<http://runrunvigo.com>), **ata o 19 de xuño ás 23:59 horas. Non se admitirán inscricións o día da carreira.**

4. A cuota de inscrición é de 12 €.

5. Os atletas participarán cos dorsais e chip que se entregarán o 23 de xuño na tenda DECATHLON do Parque Comercial do Meixueiro en horario de 12:00 a 15:00, e o 23 de xuño de 19:00 a 20:15 na Lonxa do Concello de Vigo (Praza do Rei). **Non se entregarán imperdibles**, cada participante deberá traer os seus.

6. Concederáanse trofeos ós tres primeiros e primeiras clasificadas por cada unha das seguintes categorías: tanto en homes como mulleres

Femininas	Masculinas	Ano de nacemento
F-0	M-0	Entre 2006-2010 (ambos incluídos)
F-1	M-1	Entre 1986-2005 (ambos incluídos)
F-2	M-2	Entre 1976-1985 (ambos incluídos)
F-3	M-3	Entre 1966-1975 (ambos incluídos)
F-4	M-4	Entre 1961-1965 (ambos incluídos)
F-5	M-5	1960 ou anteriores


7. PREMIOS:

A Organización entregará un xamón ó primeiro e á primeira da clasificación xeral, e unha paletilla ós/ás primeiras/os de cada categoría agás os vencedores absolutos. Haberá un sorteo de agasallos entre as/os participantes. Tamén haberá sardiñas asadas para as/os participantes ó remate da carreira, recibindo estos/as un ticket á entrada en meta para dita sardiñada.

8. Colaboran neste evento; a Asociación de veciños do Casco Vello, Coca Cola, Cofradía de pescadores San Francisco, Autoescolas Faro-Paso-Salaberri, Policía Local de Vigo, Fundación VODEA, DECATHLON, Porto de Vigo, Frutas Sol, Balneario de Mondariz e Zunfer S.A..

9. A Organización ten contratado un seguro de accidentes para as/os participantes da proba.

XLI CARREIRA NOCTURNA DE SAN XOAN



VIGO,
terreo de xogo
Vivimos nunha cidade fermosa